

Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un principio básico e fundamental recoñecido na Constitución española. O seu artigo 1.1 establece a igualdade como un valor superior do ordenamento xurídico, e o artigo 9.2 formula o mandado expreso aos poderes públicos para que a fagan efectiva, prohibindo o artigo 14 expresamente calquera discriminación por razón de sexo.

Por outra banda, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, tal e como establece o seu artigo 1º, vén reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no seu artigo 4.5 que os poderes públicos galegos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero e promoverán a colaboración e a participación das asociacións de mulleres, así como das entidades e organizacións da sociedade civil, e que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, participarán no desenvolvemento desta lei, habilitando a Administración galega os recursos para tal fin.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, prevé no seu artigo 57 a cooperación económica, técnica e administrativa entre a administración local e a administración das comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establece no seu artigo 4.1º b) que corresponde á Secretaría Xeral da Igualdade promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e accións no eido da eliminación da violencia de xénero, segundo o disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

É preciso que se consiga que a sociedade tome conciencia da necesidade de avanzar na eliminación das desigualdades entre mulleres e homes que aínda persisten, así como da gravidade do problema da violencia de xénero. Deben transmitirse os valores da igualdade, do respecto e da eliminación da violencia nas relacións persoais e, para iso, a coordinación interadministrativa revélase como un gran mecanismo para afianzar e amplificar os resultados das diferentes actuacións.

A Secretaría Xeral da Igualdade pretende con esta resolución apoiar e consolidar as actuacións que se están a levar a cabo nas administracións locais en materia de igualdade e de prevención e eliminación da violencia de xénero, actuacións que, pola proximidade á cidadanía e o coñecemento da situación específica de mulleres e homes, poden resultar particularmente axeitadas para a consecución dos devanditos obxectivos.

Esta resolución axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, existindo crédito adecuado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude e no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto da presente resolución é aprobar as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para as diferentes actuacións que desenvolvan entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010 as entidades locais galegas que se especifican no artigo 2º, e proceder á súa convocatoria.

2. Esta disposición ten por finalidade:

- a) Mellorar a percepción social sobre a igualdade entre mulleres e homes.
- b) Mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación.
- c) Fomentar o desenvolvemento de medidas de prevención e tratamento integral contra a violencia exercida sobre as mulleres.
- d) Fomentar a formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil.
- e) Impulsar a transversalidade de xénero no ámbito municipal.

3. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria os concellos, as agrupacións de concellos ou as mancomunidades da comunidade autónoma validamente constituídas que cumpran os requisitos que nela se establecen.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituíren mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta resolución. Neste suposto todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados no punto 1 poderá:

a) Presentar solicitude de subvención se o fixo unha entidade local en que estea integrado ou da cal dependa.

b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva das que sinala o punto 2.

c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas pola entidade de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. As entidades solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. Poderán ser obxecto de subvención as actuacións que se describen a seguir, enmarcadas nalguna das dúas liñas seguintes:

Liña 1: Promoción da igualdade.

a) Elaboración do Plan para a igualdade entre mulleres e homes, que deberá conter unha área de actuación específica relativa a medidas de prevención e eliminación da violencia de xénero.

b) Avaliación dos resultados do último plan para a igualdade entre mulleres e homes.

c) Accións de capacitación do persoal político e técnico respecto dos fundamentos teóricos e as ferramentas prácticas para a integración da perspectiva de xénero nas políticas locais.

d) Actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación, tanto no

ámbito educativo, en colaboración cos centros educativos do municipio ou das ANPAS, como no ámbito da familia ou na sociedade.

Liña 2: Prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

a) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais dirixida á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes.

b) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

c) Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.

d) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular; propostas de acción e coordinación entre todos os axentes sociais.

2. Cada entidade local só poderá presentar solicitude de subvención para unha única actuación por cada unha das liñas de actuación 1 e 2 das recollidas no punto 1 do presente artigo e, no caso da liña 1, de non contar cun plan para a igualdade entre mulleres e homes en vigor, a súa solicitude será necesariamente para levar a cabo o dito plan. Así mesmo, de ter rematado a vixencia dun plan previo, só serán subvencionables, salvo que se presente a documentación acreditativa de ter realizado xa estas actuacións, a súa avaliación ou, de tela xa feito e xustificado documentalmente, a elaboración do seguinte.

3. No suposto de solicitar a subvención para a realización de accións de capacitación do persoal político e técnico respecto dos fundamentos teóricos e as ferramentas prácticas para a integración da perspectiva de xénero nas políticas locais, a entidade deberá designar un grupo integrado por persoal técnico e político das concellerías que non contén con competencias en igualdade nas cales a incorporación da perspectiva de xénero se considere prioritaria, o cal será o destinatario das ditas accións.

Artigo 4º.-Orzamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta resolución financiaranse con cargo ás seguintes partidas orzamentarias recollidas na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

a) Aplicación 04.40.313B.460.0, nunha contía de 149.608 euros.

b) Aplicación 04.40.313D.460.1, nunha contía de 149.608 euros.

2. Estes importes poderanse incrementar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilida-

des de crédito, podéndose así, conceder subvencións por un importe superior á contía total máxima fixada no punto anterior, sempre dentro dos límites fixados no artigo 5º desta convocatoria e demais lexislación aplicable, sen que previamente se realice unha nova convocatoria, no suposto de que se incremente o importe do crédito orzamentario dispoñible como consecuencia de:

a) Unha xeración, unha ampliación ou unha incorporación de crédito.

b) Por existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou programas do mesmo servizo.

3. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 5º.-*Contía da subvención.*

1. A contía da subvención determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 8º, por proposta do órgano instrutor, sen que poida exceder 6.000 euros por cada entidade beneficiaria no caso de actuacións correspondentes á liña 1 e de 10.000 euros por cada entidade beneficiaria no caso de actuacións correspondentes á liña 2.

2. A suma total das contías das subvencións concedidas non poderá superar o crédito asignado na presente convocatoria.

Artigo 6º.-*Solicitudes, prazo de presentación e documentación.*

1. As solicitudes de subvención presentaranse segundo o modelo que se publica como anexos I e II e dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Secretaría Xeral da Igualdade, pódense presentar de calquera das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as cales se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador do rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. A solicitude poderá formalizala:

a. A persoa titular ou representante legal da entidade local beneficiaria ou persoa en quen delegue.

b. O/a representante que se estableza no acordo de cooperación, logo de delegación de cada un dos concellos, para o suposto previsto no artigo 2º.2.

4. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, que será imprescindible para a súa valoración:

a) Declaración das actuacións levadas a cabo pola entidade nos últimos 2 anos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e/ou prevención da violencia de xénero, na cal conste a denominación da actividade, a descrición do seu contido, o lugar e datas de realización, o número de horas e número de participantes, as entidades implicadas no seu desenvolvemento, de ser o caso, e a valoración dos obxectivos conseguidos (anexo III).

b) Memoria detallada de actuacións. Esta memoria fará referencia necesariamente aos seguintes aspectos:

-Xustificación da necesidade que se pretende cubrir e da conveniencia da realización das actuacións propostas, apoiada en datos relativos á realidade do concello ou entidade local solicitante.

-Denominación da acción.

-Obxectivo perseguido pola dita acción.

-Descrición da acción: contidos, metodoloxía, medios materiais e persoais precisos, duración, resultados previstos e persoas responsables da súa execución.

-Cronograma.

-Número estimado de persoas destinatarias da acción.

-Lugar e data de realización.

-Valoración económica da acción, establecendo o orzamento desagregado para cada unha das actuacións que a compoñen, detallando, ademais, o importe solicitado e, de ser o caso, o cofinanciamento da entidade.

-Sistema de avaliación, mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.

c) Certificación do/a secretario/a en que conste:

-O acordo do órgano competente de solicitude da subvención e de nomeamento dun/unha representante, se procede.

-A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude. Se a solicitude é formalizada por delegación conforme o previsto no punto 3 do presente artigo, deberá xuntarse a documentación acreditativa da dita delegación.

-A acreditación de que a entidade conta, entre as áreas de goberno, cunha concellería ou área de igualdade, de ser o caso

d) Certificación da existencia de crédito para facer fronte á porcentaxe de financiamento que asume a

entidade local sobre o total do proxecto presentado, de ser o caso (anexo IV).

e) Para os concellos que se acollan a fórmula de solicitude regulada no artigo 2º.2 desta resolución, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as dos acordos do pleno ou xunta de goberno local delegando a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (anexo V).

g) Salvo que xa estean en poder da Secretaría Xeral da Igualdade, circunstancia que haberá que facer constar expresamente identificando o procedemento en que constan, no caso de solicitarse a subvención para a avaliación dun plan de igualdade deberase presentar o dito plan e, de solicitarse para a elaboración do II ou posteriores plans, deberase presentar o plan anterior e a súa avaliación. Igualmente, xuntarase o plan en vigor ou indicarse o procedemento en que consta, no suposto de solicitar a subvención para a realización de actividades de coeducación.

h) Relación asinada polo órgano competente do persoal da entidade designado para formar parte do grupo de traballo, no suposto de solicitar a subvención para a realización de actividades de capacitación do persoal político e técnico.

i) Compromiso asinado pola persoa que formalice a solicitude de utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto da subvención regulada nesta resolución e de que as actividades realizadas ao abeiro desta resolución serán elaboradas e/ou impartidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e erradicación da violencia de xénero segundo a liña de actuación solicitada.

5. Se a solicitude non estiver debidamente formalizada ou non se xuntar a documentación exixida requirirase á entidade interesada para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días, emende as faltas ou remita a documentación requirida. De non facelo así, terase por desistida da súa solicitude e procederase conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ás/aos solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 7º.-Instrución.

1. A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración para estes efectos a que se lle remitirán, unha vez revisadas, as solicitudes. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en que delegue.

Vogais: a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.

A xefa do Servizo de Análise e Coordinación das Políticas de Igualdade.

A xefa do Servizo de Prevención e Atención ás Vítimas.

Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Secretaría Xeral da Igualdade.

Se, por calquera causa, algunha/algún das/os compositores da comisión de valoración non puider asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituída/o pola/polo funcionaria/o designada/o para o efecto pola súa presidenta.

A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das subvencións información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

4. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 8, o órgano instructor elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada. Na dita proposta figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda e indicarse o importe para cada unha delas, ata esgotar o crédito dispoñible. O resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas co crédito que quede libre, se se producir algunha renuncia. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, formularase unha proposta de resolución provisoria que se lle notificará ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días presente as alegacións que coide pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos/as interesados/as, tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Calidade do proxecto ou da actividade que se propón, valorada en función da súa clareza e viabilidade, así como da metodoloxía empregada e do sistema de avaliación proposto: ata 50 puntos, que se desagregarán como segue:

-Clareza na exposición e viabilidade: ata 25 puntos.

-Establecemento dunha metodoloxía e sistema de avaliación: ata 25 puntos.

b) Compromiso da entidade coa igualdade entre homes e mulleres: ata 20 puntos.

-Acreditación de ter constituída unha concellería ou área específica para a promoción da igualdade: 10 puntos.

-Realización de actividades de promoción da igualdade ou prevención e/ou tratamento da violencia de xénero nos últimos dous anos: ata 10 puntos.

c) Participación pecuniaria da entidade no financiamento das actuacións: ata 10 puntos de acordo co seguinte baremo:

-Ata o 10%: 1 punto.

-Máis do 10% e ata o 20%: 2 puntos.

-Máis do 20% e ata o 30%: 4 puntos.

-Máis do 30% e ata o 40%: 6 puntos.

-Máis do 40% e ata o 50%: 8 puntos.

-Máis del 50%: 10 puntos.

d) Municipio con poboación inferior a 5.000 habitantes: 10 puntos.

e) Emprego da lingua galega no desenvolvemento das actuacións para as cales se solicita a axuda: 10 puntos.

2. Na liña de promoción da igualdade terán carácter prioritario as solicitudes de subvención para a elaboración do I Plan de igualdade de oportunidades, o cal deberá conter unha área de actuación específica relativa a medidas de prevención e eliminación da violencia de xénero, tal e como se recolle no artigo 3º.1.a) desta resolución.

Artigo 9º.-*Resolución.*

1. Corresponde á secretaria xeral da Igualdade, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, por proposta do órgano instrutor e despois da fiscalización pola intervención delegada, a resolución destas axudas.

2. A resolución da subvención será notificada no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario*

Oficial de Galicia. Se transcorrido o dito prazo non se notificasen as resolucións, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, con indicación, neste caso, da data da convocatoria, da entidade beneficiaria, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas con expresión dos motivos da desestimación

Artigo 10º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; con carácter potestativo poderase formular recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-*Forma de pagamento.*

1. O pagamento da subvención efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificadas correctamente os gastos realizados segundo o artigo 13º desta resolución.

A subvención farase efectiva nun único pagamento ao achegar os xustificantes de ter realizado a actividade ou actividades polo seu importe total. Non obstante, poderanse facer pagamentos parciais ata un máximo do 80% da contía total concedida, na medida en que se vaia xustificando. O restante 20% aboarase cando remate totalmente a actividade ou actividades subvencionadas.

2. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 12º.-*Gastos subvencionables.*

1. Terán a consideración de subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación presentada na solicitude e se realicen antes do 31 de outubro de 2010, como é o caso, entre outros, dos seguintes:

a) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades.

Serán subvencionables as retribucións totais do persoal contratado especificamente para a execución das actividades, tendo en conta a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos respectivos convenios colectivos. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non fose contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada nin os gastos do persoal pertencente aos centros, oficinas ou puntos de información ás mulleres de calquera das entidades locais de Galicia.

b) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados:

-Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina.

-Material didáctico: manuais e libros.

-Gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, tendo en conta que só serán subvencionables cando nos materiais apareza recollida adecuadamente a identificación da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia. Para estes efectos poderá achegarse, antes de proceder á súa difusión, unha mostra para a súa conformidade pola Secretaría Xeral da Igualdade.

-Gastos de tradución de material escrito, gráfico ou en calquera outro soporte.

c) Outros gastos correntes directamente derivados da realización das actividades que estean perfectamente xustificadas e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.

2. Estará permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución total ou parcial da actividade obxecto da axuda. A entidade beneficiaria debe xustificar adecuadamente a necesidade desta subcontratación. Para estes efectos, teranse en conta as limitacións á subcontratación establecidas no artigo 27.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na normativa de desenvolvemento.

3. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación indicado no artigo 13 desta resolución.

Artigo 13º.-Xustificación.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento é o 31 de outubro de 2010. Para isto a entidade beneficiaria deberá enviar á Secretaría Xeral da Igualdade a seguinte documentación:

a) Certificación de gastos realizados (anexo VI) onde deberá constar a relación de facturas. A acreditación dos gastos subvencionables realizarase presentando a seguinte documentación:

a.1 Gastos de persoal contratado especificamente para a execución das actividades:

-Copia compulsada do contrato laboral.

-Orixinal ou copia compulsada dos recibos de nóminas correspondentes aos meses imputados.

-No caso de imputar á axuda o importe correspondente ao IRPF, copia compulsada do impreso de liquidación correspondente.

-No caso de imputar á axuda o importe correspondente á cotización á Seguridade Social, copia compulsada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.

a.2 Gastos da realización do programa subvencionado:

-Copia compulsada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil referidos de forma inequívoca á actividade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

a.3 Outros gastos correntes:

-Copia compulsada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil en orixinal referidos de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

As compulsas anteriormente mencionadas deberán ser realizadas por persoal funcionario habilitado.

A entidade beneficiaria da axuda ten a obriga de respectar no custo final da actividade financiada a porcentaxe de cofinanciamento que indicase na solicitude, polo que, se a suma do importe da axuda concedida e da achega porcentual que estea obrigada a realizar a entidade beneficiaria fose superior ao custo final da actuación, minorarase a axuda concedida no importe que corresponda.

A documentación que hai que presentar para a acreditación dos gastos subvencionables entenderase referida tanto aos gastos imputados á axuda como aos imputados á porcentaxe de participación da entidade beneficiaria.

b) Memoria de execución da actividade, que deberá incluír como mínimo, a descrición das actuacións desenvolvidas (lugar e data de realización, duración, contidos e metodoloxía empregada no seu desenvolvemento), a valoración do cumprimento dos obxectivos, a valoración global da actividade e do seu impacto, a publicidade e divulgación que se realizou e, se for o caso, o número de persoas participantes desagregadas por sexo. No caso de que a actuación subvencionada fose a realización ou avaliación dun plan de igualdade, entenderase cumprido este punto coa achega do dito plan ou os resultados da avaliación, nos cales debe constar expresamente a metodoloxía empregada para a súa realización.

c) Mostra da totalidade do material elaborado con cargo á subvención e imputable a esta: publicacións, carteis, dípticos, material de papelería ou outro

material que publicite as accións, no cal deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia. Non serán obxecto de subvención aqueles materiais que non recollan axeitadamente a anterior identificación.

d) Declaración do conxunto doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que teñan aprobadas, concedidas, ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, de calquera administración ou ente, público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais (anexo V).

e) *Curriculum vitae* e documentación acreditativa da formación e experiencia profesional nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero, segundo a liña de actuación solicitada, das/os profesionais encargadas/os do desenvolvemento das actuacións.

f) En caso de que a subvención se conceda para a elaboración do plan de igualdade da entidade, deberá achegar unha certificación do/a secretario/a en que se especifique a data do pleno ou da xunta de goberno en que se aprobou o citado plan, así como un exemplar deste.

2. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentadas as correspondentes xustificacións requirirase a entidade para que no prazo improrrogable de 10 días as presente. A falta de presentación da xustificación no prazo anteriormente sinalado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, e o crédito poderá ser utilizado en beneficio doutras entidades que solicitasen subvención ao abeiro desta resolución.

3. Os órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade poderán solicitar as aclaracións ou informes que consideren convenientes dos medios de xustificación a que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á subvención.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades locais beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente ao seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida.

4. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Publicitar a subvención concedida durante a realización de toda actividade subvencionada, así como nos anuncios e programas previos, de ser o caso, á súa realización. Así mesmo deberá facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Xunta de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, debendo remitirse á Secretaría Xeral da Igualdade proba documental do cumprimento desta obriga.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Seguimento e avaliación.

A Secretaría Xeral da Igualdade establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e avaliación das actividades subvencionables e, para tal fin, as entidades beneficiarias da subvención comprométense a facilitar a tarefa de seguimento.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución.

Artigo 16º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta resolución estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 17º.-Reintegro das subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora producidos segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nesta resolución.

d) Incumprimento da obriga de adoptar medidas de difusión.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou cando, do incumprimento, derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

Nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que se vai desenvolver, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, e resulta de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 18º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvención e, en todo caso, a obten-

ción concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-Publicidade.

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva consigo de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Finalmente, as entidades beneficiarias, coa presentación das solicitudes, autorizan a Secretaría Xeral da Igualdade para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos á axuda recibida, así como ás sancións impostas, todo isto sen prexuízo da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional

As entidades beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2010.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA DIRIXIDAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E COA PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI435A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

CONCELLO, AGRUPACIÓN DE CONCELLOS OU MANCOMUNIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB		
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (ARTIGO 6.4º)

<input type="checkbox"/> Anexo II. <input type="checkbox"/> Anexo III. <input type="checkbox"/> Anexo IV, de ser o caso. <input type="checkbox"/> Anexo V. <input type="checkbox"/> Memoria detallada da actuación, segundo o artigo 5.4º b) da resolución. <input type="checkbox"/> Certificación do/a secretario/a que recolla o acordo do órgano competente de solicitude da subvención e de nomeamento dun/unha representante, se procede. <input type="checkbox"/> Certificación do/a secretario/a acreditativa de que a entidade conta, entre as áreas de goberno, cunha concellería ou área de igualdade, de ser o caso. <input type="checkbox"/> Para os concellos que se acollan á fórmula de solicitude regulada no artigo 2.2º desta resolución, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as, dos acordos do pleno ou comisión de goberno delegando a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles. <input type="checkbox"/> Se a solicitude de subvención é para a avaliación dun plan de igualdade, deberase achegar o dito plan; de solicitarse para a elaboración e publicación do II ou posteriores plans, deberase achegar o plan anterior e a súa avaliación (salvo que xa obren en poder da Secretaría Xeral. Neste caso indicar o procedemento no que constan). <input type="checkbox"/> Relación do persoal da entidade designado para formar parte do grupo de traballo (no suposto de solicitar a subvención para a realización de actividades de capacitación do persoal político e técnico). <input type="checkbox"/> Compromiso de utilización de linguaxe non sexista. <input type="checkbox"/> Compromiso de que as actividades serán elaboradas e/ou impartidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e erradicación da violencia de xénero segundo a liña de actuación solicitada.
--

O/a que abaixo asina **DECLARA QUE** lle presta expresamente o seu consentimento á Secretaría Xeral da Igualdade para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
RECIBIDO _____ _____	DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME _____ _____	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

ACTUACIÓN PARA A CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN: (sinalar a que proceda)
 (soamente se poderá solicitar unha actuación por cada liña)

LIÑA 1: Promoción da Igualdade

- Elaboración do _____ Plan de igualdade entre mulleres e homes.
- Avaliación dos resultados do _____ Plan para a igualdade entre mulleres e homes.
- Accións de capacitación do personal político e técnico.
- Actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación.

<i>IMPORTE QUE SE SOLICITA</i>	<i>COFINANCIADO POLA ENTIDADE</i>	<i>ORZAMENTO TOTAL DA ACTUACIÓN</i>

LIÑA 2: Prevención e tratamento integral da violencia de xénero

- Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación.
- Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.
- Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Protección das mulleres vítimas, ás súas fillas e fillos e persoas delas dependentes.

<i>IMPORTE QUE SE SOLICITA</i>	<i>COFINANCIADO POLA ENTIDADE</i>	<i>ORZAMENTO TOTAL DA ACTUACIÓN</i>

, de de

Asdo.:

(sinatura do solicitante)

(selo da entidade)

ANEXO IV

D./Dª con DNI nº

En calidade de secretario/a intervisor/a do Concello /Agrupación / Mancomunidade de:

en relación coa Resolución do _____ de 2010 pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero e se procede a súa convocatoria

CERTIFICA:

Que no orzamento desta entidade para o ano 2010 existe crédito adecuado e suficiente para cubrir a porcentaxe de financiamento que asume esta entidade sobre o total do proxecto presentado

, de de

Visto e prace
 O/A alcalde/alcaldesa - presidente/a (selo da entidade) O/A secretario/a - intervisor/a da entidade

ANEXO V

D./Dª con DNI nº

En calidade de do Concello / Agrupación / Mancomunidade cuxa razón social é con CIF e domicilio social en

CERTIFICA:

Que en relación coa Resolución do _____ de 2010 pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero e se procede a súa convocatoria. O conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma actividade, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta resolución, son as seguintes:

NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN.
 .SUBVENCIÓN OUTRA/S AXUDA/S.
 (Marcar o que proceda)

ENTIDADE QUE CONCEDE	IMPORTE SOLICITADO	CANTIDADE CONCEDIDA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

, de de

Visto e prace
 Representante legal da entidade Secretario/a da entidade

(sinatura do/a representante legal) (selo da entidade) (sinatura do/a secretario/a)

ANEXO VI

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE GASTOS CORRESPONDENTE AO ANO 2010

(No seu caso, cubrir un por cada liña concedida)

D./Dª con NIF nº do concello de

En calidade de secretario/a - interventor/a ou *

CERTIFICA:

1º.- Que os gastos totais da actuación ascenderon a un total de €.

2º.- Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións recollidas na Resolución do de 2010, pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero e se procede á súa convocatoria, correspondentes ao exercicio 2010 destinouse aos fins para que se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a estas, e que os gastos efectuados para tal fin, con cargo á dita subvención, son os que se indican a seguir:

CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA FACTURA	NIF/CIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	IMPORTE IMPUTADO Á SUBVENCIÓN
a) Gastos asociados ao persoal	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
b) Gastos de elaboración e difusión dos materiais	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
c) Outros gastos (especificar)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL					<input type="text"/>	<input type="text"/>

* Ou órgano que teña atribuídas as facultades da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

(Sinatura do/a representante legal)

(Selo da entidade)

(Sinatura do/a secretario/a - interventor/a)

LEMBREN QUE TODAS AS FOLLAS DO CERTIFICADO DEBEN ESTAR ASINADAS E SELADAS

Secretaría Xeral da Igualdade